

# Historia de amizade

Nada mellor que elixir animais coma personaxes e escoller a fantasía como marco no que se desenvolven os acontecementos para dar renda solta á imaxinación e contar, dende a riqueza que ofrecen as imaxes ilusorias, unha historia de amizade, de compañeirismo, de aventuras ou de sentimentos.

O bastón dos desexos de Ramón Caride convértese nun exemplo deste tipo de relatos que se inscriben dentro da órbita da fantasía e dende aquí dirixe as súas palabras e os seus pensamentos a rapaces interesados no xogo e na búsqueda de novas experiencias.

Manporquiño, Murrigato, Caracol Col e Murrató son os protagonistas do libro, Animalandia, a cidade na que viven e a escola, o lugar onde teñen a oportunidade de se falar todos os días. As actividades programadas pola mestra, dona Serpe Cobra, posibilitan as xuntanzas e favorecen máis dunha trasmada que nalgún caso se resolve cunha viaxe ao cabo do mundo realizada en tempo cero e grazas a un bastón máxico.

Resulta sempre enriquecedor

## Na órbita da fantasía

MARÍA NAVARRO



e s -  
tablecer  
un xogo  
entre realida-  
de e fantasía, por-

que, partindo do cotián e situando neste plano formas e contidos, o lector poida crear un mundo onde teñen cabida todo tipo de experiencias e sensacións que alimentan a imaxinación e obrigan en certa medida a reestruturar o concepto que se ten das cousas e/ou da vida. Practicamente todo o que nos rodea está suxeito á relatividade e é susceptible de ser interpretado de diferentes formas segundo a perspectiva adoptada e a experiencia persoal.

Así, unha novela sinxela como esta ofrece esas posibilidades interpretativas e permite a análise doutros textos aos que aquí se fan referencia e que achegan á trama central unha hipotética solución unha vez que se coñece a súa efectividade ou o seu fracaso, sendo sempre os personaxes os que elixan unha ou outra opción segundo os seus criterios. O tempo que cobra certa relevancia na historia convértese tamén nun deses aspectos interesantes para os rapaces que percibirán a diferenza entre o tempo real e o de ficción de forma nítida, frontera non sempre clara para eles.

CARIDE, Ramón, *O bastón dos desexos*, Ed. Planeta&Oxford, A Coruña, 2008, 57 páxinas.